

## Adiós ríos, adiós fontes

Adiós, ríos; adiós, fontes;  
adiós, regatos pequeños;  
adiós, vista d'os meus ollos,  
non sei cándo nos veremos.

Miña terra, miña terra,  
terra donde m'eu criei,  
hortiña que quero tanto,  
figueiriñas que prantei.

Prados, ríos, arboredas,  
pinares que move o vento,  
paxariños piadores,  
casiñas d'o meu contento.

Muiño d'os castaños,  
noites craras d'o luar,  
campaniñas timbradoiras  
d'a igrexiña d'o lugar.

Amoriñas d'as silveiras  
que eu lle daba ô meu amor,  
camiñiños antr'o millo,  
¡adiós para sempr'adiós!

¡Adiós, gloria! ¡Adiós, contento!  
¡Deixo a casa onde nascín,  
deixo a aldea que conoço,  
por un mundo que non vin!

Deixo amigos por extraños,  
deixo a veiga pol-o mar;  
deixo, en fin, canto ben quero...  
¡quén puidera non deixar!

Adiós, adiós, que me vou,  
herbiñas d'o camposanto,  
donde meu pai se enterrou,  
herbiñas que biquei tanto,  
terriña que nos criou.

Xa s'oyen lonxe, moi lonxe,  
as campanas d'o pomar;  
para min, ¡ai!, coitadiño,  
nunca más han de tocar.

Xa s'oyen lonxe, más lonxe...  
Cada balad' é un delor;  
voume soyo, sin arrimo...  
miña terra, ¡adiós!, ¡adiós!

¡Adiós tamén, queridiña...  
Adiós por sempre quizáis!...  
Digoche este adiós chorando  
desd'a veiriña d'o mar.

Non m'olvides, queridiña,  
si morro de soidás...  
tantas légoas mar adentro...  
¡Miña casiña!, ¡meu lar!

Rosalía de Castro. Cantares gallegos 1863

APM <https://antologiapoeticamultimedia.blogspot.com/>

